

4.4 Rúbrica presentación

	Nivel 1 (Excelente)	Nivel 2 (Bo)	Nivel 3 (Aceptable)	Nivel 4 (Insuficiente)
Descrición das personaxes (narración)	Ben desenvoltas, con descrición física e de personalidade completas e detalladas. Creativas e orixinais. (2)	Desenvoltas, incluíndo aspectos básicos de descrición física e personalidade, pero cun detalle aceptable. (1.75)	Inclúen descrición básica pero faltan detalles ou orixinalidade. Non destacan na súa función no videoxogo. (1.50)	Escasas ou incompletas. Non se inclúen detalles relevantes nin se define a súa función no videoxogo. (1.25)
Descrición do escenario	Completa, detallada e rica en elementos descritivos. Representa ben a contorna local e destaca a problemática ambiental. (2)	Inclúe os elementos principais e detalla a problemática ambiental de forma aceptable. (1.75)	Inclúe os elementos básicos pero con pouca profundidade ou sen destacar aspectos ambientais. (1.50)	É incompleta, sen detalles significativos ou sen tratar a problemática ambiental. (1.25)
Historia e diálogos	Narrativa ben estruturada, interesante e coherente. Os diálogos son claros e transmiten a mensaxe ambiental. (2)	A narrativa é coherente e os diálogos achegan a mensaxe ambiental, aínda que con menor profundidade. (1.75)	A narrativa ten certa coherencia pero carece de fluidez ou os diálogos son básicos. (1.50)	A historia é confusa ou pouco clara. Os diálogos son irrelevantes ou escasos. (1.25)
Creatividade e presentación e diálogos sobre actividades, produtos e lugares	Proxecto atractivo, ben presentado e con debuxos/ilustracións que enriquecen o contido. (2)	Proxecto ben presentado, aínda que con poucos elementos visuais ou creativos. (1.75)	Proxecto aceptable pero con erros na organización ou pouco atractivo visual. (1.50)	Proxecto desorganizado ou visualmente pouco atractivo. Faltan elementos creativos. (1.25)
Ortografía e corrección e lexibilidade	Textos claros, sen erros ortográficos nin gramaticais. (2)	Textos claros, pero con algún erro que non dificulta a comprensión. (1.75)	Textos con erros que dificultan lixeiramente a lectura. (1.50)	Textos con erros frecuentes que dificultan moito a comprensión. (1.25)